

**INSTRUCCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DA MASTER TESE
MASTERS OFICIAIS DA F. CC. ECONOMICAS E EMPRESARIAIS**

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1. A Máster-Tese é un traballo de especialización, que integre os coñecementos asimilados nas diversas disciplinas impartidas durante o mestrado centrado, ben no desenvolvemento dunha aplicación de tipo práctico ou ben na realización dun traballo de investigación.
2. A Máster-Tese facilitará o desenvolvemento das habilidades críticas, analíticas e creativas do alumnado ao adaptar solucións e métodos estudados na teoría a problemas reais.
3. A Máster-Tese será realizado de forma individual baixo a supervisión dun/nha profesor/a titor/a. Admítese a co-titorización.
4. O traballo da Máster-Tese só poderá ser avaliado unha vez que se teña constancia de que o alumnado ten superado cando menos o 70% dos créditos totais necesarios para a obtención do título de Máster
5. O traballo será defendido polo alumnado ante a Comisión designada pola Comisión Académica do Máster.
6. A carga da Máster-Tese defínese no plano de estudos do máster correspondente.

ASIGNACIÓN DE TEMA E TITOR

1. Rematado o proceso de matrícula o/a coordinador/a solicitará ao profesora de Máster propostas de liñas de traballo para Teses de Máster. O número total de traballos será igual ou superior ao número de alumnos matriculados.
Alternativamente, o/a alumno/a pode propor un tema que resulte de interese ao/á titor/a que desexa que lle oriente.
2. A elección do/a titor/a e do tema deberá producirse cando menos tres meses antes da finalización do prazo de presentación da Máster-Tese.
3. O/A alumno/a unha vez elixido o tema cubrirá un documento ao efecto e se procederá o seu rexistro de entrada e remitiralle unha copia ao Coordinador do Máster.
4. O/A titor/a:
Será un/ha profesor/a doutor/a.

Terá que facilitar ao alumnado as orientacións adecuadas para elaboración da Máster-Tese. Isto non implica que o director ou titor do proxecto resolva os problemas, xa que se está a examinar a capacidade do alumnado para facerlles fronte.

Antes da presentación para ser avaliada, o titor supervisará a realización do proxecto, a calidade dos seus contidos e que se desenvolva de acordo coas presentes normas. Dará a súa opinión sobre cada estudante e o traballo realizado cubrindo o formulario elaborado e dando a conformidade para que se poida presentar ante a Comisión de defensa da Máster-Tese.

Ningún/ha profesor/a poderá dirixir máis de 3 proxectos distintos no mesmo ano académico.

A persoa titora dunha Máster-Tese non poderá ser membro da Comisión Avaliadora que o cualifique.

DEFENSA DA MASTER TESE

1. O alumnado presentará á Coordinación do Máster, cunha antelación mínima de 15 días antes da defensa do proxecto, tres exemplares da Máster-Tese. Tamén presentará o proxecto en formato electrónico.
2. O número de convocatorias en cada ano académico seguirá a normativa xeral da UDC.
3. A data límite para defensa da Máster-Tese será o o día anterior ao peche das actas da correspondente convocatoria.
4. A Coordinación do Máster notificará a cada alumno/a o lugar, día e hora fixados para a defensa do seu Traballo, cando menos con cinco días naturais de antelación respecto da data sinalada para a defensa.
5. Defensa pública
 - A defensa da Máster-Tese será realizada polo alumnado en sesión pública, por medio da exposición oral do seu contido ou das liñas principais do mesmo, durante o tempo máximo de 20 minutos.
 - A continuación, o alumnado contestará as preguntas e as aclaracións que formulen os membros da Comisión Avaliadora.
 - A Comisión Avaliadora deliberará sobre a cualificación a porta pechada, e dará audiencia ao titor da Máster-Tese antes de outorgar unha cualificación de suspenso.
 - En cada ano académico, poderanse realizar tantas avaliacións e defensas da tese de Máster como considere necesario o Presidente do Tribunal.

DESIGNACIÓN DOS TRIBUNALS

1. A Comisión Académica do Máster determinará a/as Comisión/s Avaliadora/s que cualificará cada traballo presentado.
2. As Comisións Avaliadoras estarán compostas por tres doutores. Tratarase de que sexa un tribunal multidisciplinar. O/A presidente/a da Comisión terá que ter como mínimo o grao de Titular de Universidade/Profesor/a Contratado/a Doutor/a. Cada comisión, asemade dos/das membros titulares, contará con tres suplentes que tamén serán convocados o día da defensa.

AVALIACIÓN E ACTAS

1. Para a avaliación da Máster-Tese o tribunal valorará:
 - No caso de Máster-Tese con orientación profesional: a existencia dun produto/resultado, aplicabilidade e funcionalidade e calquera outra característica que permita establecer as capacidades do alumno no ámbito profesional relacionado coa temática do Máster.
 - No caso de Máster-Tese con orientación académica: a calidade científica do traballo, valorada tanto polos resultados alcanzados, difusión e/ou as posibilidades de continuidade do traballo.
 - En ambos casos se valorará tamén a presentación pública da Máster-Tese e a calidade formal do documento presentado.
2. A cualificación outorgarase nunha escala numérica de 0 a 10 seguindo as pautas recollidas no anexo I, con expresión dun decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa:
 - 0 - 4,9: Suspenso (SS)
 - 5,0 - 6,9: Aprobado (AP)
 - 7,0 - 8,9: Notable (NT)
 - 9,0-10: Sobresaliente (SB)
3. Se o resultado da cualificación fose suspenso, a Comisión Avaliadora fará chegar ao/á alumno/a e o titor as recomendacións que considere oportunas.
4. A Comisión Avaliadora encherá e asinará a correspondente Acta de Cualificación que se fará pública. O orixinal da acta entregarase na Administración académica do centro
5. A Comisión Avaliadora poderá propoñer en acta separada a concesión motivada da mención de "Matrícula de Honra" a traballos da Máster-Tese que fosen avaliados e que obtivesen unha cualificación igual ou superior a 9. A Comisión Académica do Programa Oficial de Posgrao, tras oír o presidente da Comisión Avaliadora, decidirá sobre a asignación destas mencións e o Coordinador de cada máster enviará unha Acta Complementaria do acordo á Secretaría do Centro. O número destas mencións non poderá exceder do cinco por cento do alumnado matriculado na Máster-Tese, agás que o número de estudantes matriculados sexa inferior a 20, caso no que se poderá conceder unha única "Matrícula de Honra", se procede.

DEPOSITO DA TESE DE MASTER

1. Un exemplar da Tese de Máster depositarase na Biblioteca do Centro.
2. O/a alumno/a asinará un formulario permitindo a consulta da Tese de Máster.

Anexo I



ESTRUTURA DO TRABALLO

A Máster-Tese deberá constar das seguintes partes:

- PORTADA
- AUTORIZACIÓN DO TITOR DA MÁSTER-TESE
- ÍNDICE PAXINADO
- RESUMO
- INTRODUCIÓN XERAL
- CORPO DO INFORME
- CONSIDERACIÓNS / CONCLUSIÓNS FINAIS
- BIBLIOGRAFÍA
- ANEXOS, no seu caso.

Cada unha das partes mencionadas debe recoller a seguinte información:

1. PORTADA. Será de deseño libre pero incluírá: Escudo e nome da Universidade; Nome da Facultade; nome do máster; título da Máster-Tese e nomes do autor e do tior; ano de presentación
2. RESUMO: recolle un breve resumo do contido do traballo.
3. INTRODUCIÓN XERAL: recolle a intención do autor e presenta o problema ou tema específico de estudo (os obxectivos ou as hipóteses). Descríbense as principais características do traballo, unha breve discusión sobre os antecedentes teóricos e empíricos e defínense os conceptos principais que serán utilizados no estudo. Tamén debe incluír o resumo das partes nas que se estruturou o traballo e o proceso de elaboración que se seguiu.
4. CORPO DO INFORME, composto por: fundamentos teóricos, metodoloxía, aplicación práctica e conclusións. Esta parte é a que desenvolve propiamente o traballo. Nel descríbese o método seguido, as achegas acadadas, o proceso de produción e recollida de datos e a súa análise, así como os principais instrumentos e procedementos usados.
5. CONCLUSIÓNS. Recolle ao final os principais os resultados e conclusións.
6. BIBLIOGRAFÍA: Ao final do informe aparece a sección de referencias a obras e fontes consultadas.
7. ANEXOS: O apéndice ou anexo achega unha información detallada que doutro xeito distraería a lectura no corpo do informe. Esta sección do traballo pode incluír táboas, gráficos, unha mostra do/s cuestionario/s empregado/s etc. No texto do traballo farase referencia aos contidos do anexo. Un traballo pode incluír máis dun anexo.

O proxecto que , deberá realizarse en lingua galega ou castelán, non superará as 100 páxinas a dobre espazo e tamaño de letra 12. A maiores, tamén poderá ser presentada unha copia e outro idioma da U.E.

Anexo II



ANO ACADÉMICO 20__ -20__
PROXECTO DE MASTER-TESE

DATOS PERSOAIS DO/A ALUMNO/A:

Apelidos:

Nome:

DNI/NIE/ PASAPORTE:

Enderezo:

Teléfono:

Enderezo electrónico:

DATOS DO PROXECTO:

TÍTULO:

TITOR/A/ES:

A Coruña, de do 20 .

Sinatura do/a titor/a/es

Sinatura do/a alumno/a

Sr/sra. Coordinador/a do Máster _____

Anexo III



MASTER EN _____

INFORME SOBRE A MÁSTER-TESE

Informe sobre a Máster-Tese que se titula:

Presentada por:

Valoración global da Máster-Tese

	Excelente	Moi boa	Boa	Regular	Deficiente
Obxectivos e estrutura	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Interese e orixinalidade	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Metodoloxía	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Valoración de resultados	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Considera que reúne os requisitos necesarios para a súa defensa

SI**NON**

Data e sinatura:

A Coruña,

de

de 20

Asdo.: _____

Sr/Sra. Presidente/a da Comisión Avaliadora da Máster-Tese

Anexo IV



máster en _____

ACTA DA SESIÓN DA COMISIÓN AVALIADORA DA MÁSTER TESE

A Comisión Avaliadora que aprobou a Comisión Académica do Máster, reunida o día ____ de _____ de 200__, que formaron os seguintes membros:

Presidente:

Vogal:

Vogal:

O presidente inicia a sesión ás _____ horas para a valoración que corresponde ás Máster-Tese, e remata ás _____ horas. Despois de considerar os aspectos que se recollen nas instrucións para a realización da Máster-Tese aprobados pola Comisión Académica do Máster (exposición pública e o informe do titor), o tribunal realiza a valoración que se indica a continuación:

Alumno/a (apelidos e nome)	Valoración	Observacións e incidencias

A Coruña, ____ de _____ de 20__

PRESIDENTE/A

VOGAL

VOGAL

Anexo V



máster en _____

ACTA DA AVALIACIÓN DA COMISIÓN AVALIADORA DA MÁSTER TESE

A Comisión Avaliadora que aprobou a Comisión Académica do Máster:

OUTORGOULLE Á:

Título:

Autor/a:

A cualificación de:

A Coruña, ____ de _____ de 20__

Presidente/a

Vogal

Secretario

Anexo VI
PAUTAS PARA A CORRECCIÓN DA TESE-MASTER POLO DO TRIBUNAL

AVALIACIÓN						
		CALIFICACIÓN CUALITATIVA				Cualificación Numérica
		Non aceptábel	Por debaixo do agardado	Cumpre o agardado	Nivel elevado	
Traballo realizado 50%	Teoría					
	Metodoloxía					
	Análise dos resultados					
	Conclusións					
	Redacción					
TOTAL TRABALLO REALIZADO						
Presentación 35%	Axudas visuais					
	Orde lóxica dos temas					
	Habilidades de orador					
TOTAL PRESENTACIÓN						
Preguntas 15%						
NOTA FINAL						